
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE XUÑO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2018.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Forcarei para o financiamento e execución da mellora da accesibilidade e seguridade viaria na travesía da N-541 en Soutelo de Montes, por un importe total de cincocentos noventa e tres mil cincuenta e catro euros con catorce céntimos (593.054,14 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Proxecto sectorial para a ampliación do Hospital Gran Montecelo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede a súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e FEDER Galicia 2014-2020). Total: quince millóns vinte e dous mil oitocentos vinte e tres euros con oitenta e oito céntimos (15.022.823,88 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2018, por importe cincocentos sesenta e nove mil catrocentos catro euros con noventa e tres céntimos (569.404,93 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif-Alta Velocidade) e o Concello de Ourense, para a elaboración e execución do proxecto integral de aforro e eficiencia enerxética no Concello de Ourense Ecobarrio.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras dun programa a prol da contratación das mulleres desempregadas, cofinanciado polo PO FSE Galicia 2014-2020, e a formación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

- Informe sobre a resolución da Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018 (IN519B).
- Informe sobre a resolución da Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018 (código do procedemento IN541A)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre infraestruturas de prevención de incendios forestais postas en marcha pola Consellería do Medio Rural nos anos 2017-2018.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2018 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e das lonxas, que melloren as condicións de traballo e a seguridade das persoas, tramitada como expediente anticipado de gasto.

**ISABEL AGUIRRE DE ÚRCOLA, MARÍA JOSÉ ALONSO, JESÚS DOMÍNGUEZ,
XESÚS MATO MATO E CARTEIROS RURAIS DE GALICIA-CORREOS,
GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2018**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción a aqueles galegos e galegas cuxa obra en calquera faceta da actividade humana se considera merecedora do recoñecemento de toda Galicia.

Estas distincións serán entregadas, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño.

ISABEL AGUIRRE DE ÚRCOLA

Nada en Vilagarcía de Arousa, esta arquitecta pola Universidade da Coruña dirixe a Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega desde a súa creación en 2008. Conta con máis de 25 anos de experiencia na docencia e na investigación, na Universidade da Coruña e noutras universidades españolas e estranxeiras.

Premio Nacional de Arquitectura 'Manuel de la Dehesa' en 1997 pola rehabilitación do Parque de Bonaval en Santiago de Compostela, e tamén Premio Europeo de Intervención no Patrimonio Arquitectónico polo seu traballo de recuperación paisaxística do contorno do mosteiro de Caaveiro.

É membro do Comité de Directores do Consello Europeo de Escolas de Arquitectura da Paisaxe e expuxo a súa obra na Universidade de Harvard EE.UU., na exposición "Os 15 mellores paisaxistas de europa", no ano 2000.

Encargouse das obras dos proxectos dos Parque Oeste e Parque Sur en Lisboa, e do proxecto de rehabilitación de Illa do Cobo ou A Illa das Esculturas en Pontevedra.

Foi nomeada presidenta da Irmandade da Ribeira Sacra, cuxa finalidade é promover, recuperar e salvagardar os valores culturais, históricos e paisaxísticos da Ribeira Sacra.

Premio María Josefa Wonenburger 2015.

MARÍA JOSÉ ALONSO FERNÁNDEZ

Esta profesora e investigadora do CIMUS foi elixida como novo membro da Academia Nacional de Medicina dos Estados Unidos.

O seu laboratorio foi pioneiro en numerosos descubrimentos no campo da tecnoloxía farmacéutica e a nanomedicina. A súa investigación impulsou o desenvolvemento de sistemas de liberación dirixida de fármacos e vacinas.

Coordinou varios consorcios de investigación financiados pola OMS, a Fundación Bill e Melinda Gates e a Comisión Europea.

Catedrática de Biofarmacia e Tecnoloxía Farmacéutica pola USC, conta con máis de 235 contribucións científicas e con máis de 11.600 citas. E é artífice de 19 familias de patentes.

Foi vicerreitora de Investigación e Innovación da USC. E ademais de ocupar postos de responsabilidade en varias sociedades científicas, forma parte doutras tres academias científicas: Academia Nacional de Medicina de EEUU; Academia de Farmacia de Galicia, Real Academia de Ciencias de Galicia e Real Academia Nacional de Farmacia.

Conta con premios como: Premio Novoa Santos (2011) e Premio Maurice Marie Janot (2014), concedido pola Sociedade Farmacéutica Europea, e o Premio María Josefa Wonenburger en 2013.

JESÚS DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ

Este galego de Pobra de Trives provén dunha das familias máis prolíficas do sector téxtil galego. Fundador da empresa familiar Sociedade Téxtil Lonia que conta, actualmente, con case 2.000 traballadores e é matriz de Carolina Herrera e Purificación García.

Desde 2006 comezou a andaina de Bimba y Lola.

Traballador incansable que leva nos seus xenes o emprendemento. Proba disto é a súa incursión no campo da alimentación, creando Petra Mora, unha empresa de *delicatessen online*, que na súa aposta pola excelencia e a innovación se fixo merecedora de numerosos recoñecementos como o Premio ao Deseño e Innovación Tecnolóxica de Madrid Fusión.

XESÚS MATO MATO

Nado en Paradela, este crego profesor de relixión, filosofía e música, fundou a Polifónica de Lalín e Radio Popular de Lalín, a través da CAL lle deu voz ao rural galego.

Creador e primeiro coordinador de Auxilia Lugo, unha asociación que traballa a prol da integración social e cultural das persoas con discapacidade.

Cofundador do grupo folk Fuxan os Ventos, que levou ao máis alto a música galega.

O seu amor polo rural levouno a, en 1983, pedir destino nas montañas do Cebreiro, encargándose de seis parroquias durante máis de 25 anos ata a súa xubilación.

Foille recoñecido o seu traballo e servizo aos demais con premios como: Lucense do ano (1991), Premio Moncho Valcarce (1998) ou o Premio de Cultura Tradicional María Castaña.

CARTEIROS RURAIS DE GALICIA-CORREOS

Con esta distinción homenaxéase unha das profesións máis tradicionais: a do carteiro do rural.

Estes 1.007 empregados de correos chegan día a día as vivendas de todos os lugares, aldeas, parroquias e municipios rurais da Comunidade, percorrendo máis de 68.400 quilómetros por xornada, que contribúen á cohesión social e territorial de Galicia.

Esta medalla vai como recoñecemento ao encomiable labor social e humano dun colectivo que mantén vivo o servizo postal universal, axudando a dinamizar o rural galego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A COMISIÓN GALEGA DE PREVENCIÓN E REPRESIÓN DA DOPAXE, QUE ESTARÁ PLENAMENTE OPERATIVA NA TEMPADA 2018/19

- ***A regulación contida no texto do decreto busca dotarse dos mecanismos necesarios para loitar contra a dopaxe no ámbito deportivo, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva, axustándose ao réxime imposto pola normativa estatal e internacional de obrigado cumprimento***

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, previo á remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

O título VIII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia regula a actuación autonómica en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte e a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, configurándoa como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao cal se atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma.

A regulación contida no texto do decreto busca dotarse dos mecanismos necesarios para loitar contra a dopaxe no ámbito deportivo, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva, axustándose ao réxime imposto pola normativa estatal e internacional de obrigado cumprimento, que se caracteriza polo seu carácter tremendamente cambiante na procura de adoptar medidas que dean resposta a cada unha das situacións e avances que se producen nesta materia.

Estrutura e contido

O decreto que rexerá a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estrutúrase en dous capítulos (obxecto e natureza da comisión e funcións, composición e réxime de funcionamento) e un total de 20 artigos con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe configúrase como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao cal se atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma.

En canto á súa composición, esta comisión estará integrada por unha presidencia (secretaría xeral para o Deporte), unha vicepresidencia (designada pola secretaría xeral para o Deporte) e 13 vogalías: dúas persoas en representación do órgano competente en materia de saúde pública e outra en representación do órgano competente en materia de

educación; tres persoas en representación dos axentes da actividade deportiva (árbitro ou xuíz, federacións deportivas galegas e deportista federado); catro persoas en representación das corporacións de dereito público representativas do Consello de Colexios de Médicos de Galicia, do Colexio Oficial ou colexios oficiais de Farmacéuticos de Galicia, do Colexio Oficial ou colexios oficiais de Químicos de Galicia e do Colexio Oficial ou colexios oficiais de Enfermería de Galicia); dúas persoas en representación das Facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte e dúas persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico-técnico, deportivo, médico e xurídico.

As funcións que se atribúen á Comisión Galega de Control da Violencia serán:

- Asesorar a Administración autonómica no eido da medicina deportiva.
- Propoñer programas e actuacións co obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade.
- Promover accións formativas e informativas respecto dos valores da práctica deportiva sobre a saúde.
- Promover e fomentar a investigación e formación no eido da medicina deportiva e, en concreto, no relativo á protección da saúde dos deportistas.
- Propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo inocuo para a saúde e integridade física dos deportistas, e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións.
- Propoñer as accións preventivas de educación e información sobre a dopaxe.

Contexto

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe nace do traballo coordinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte, a Axencia Española para a protección da Saúde no Deporte (AEPSAD) e a Consellería de Sanidade. A creación desta ferramenta outorgará á Comunidade Autónoma de Galicia os instrumentos necesarios para acabar con calquera situación referida ao consumo de substancias prohibidas no deporte a través dunha adaptación dos criterios da Axencia Mundial Antidopaxe (AMA) e da AEPSAD. Grazas á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, poderanse levar a cabo tamén políticas de prevención e información. A comisión será multidisciplinar e nela estarán representados todos os axentes da saúde e do deporte de Galicia.

Paralelamente á aprobación da Comisión, a Xunta de Galicia e a AEPSAD asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento e implementación de políticas de prevención e represión da dopaxe coordinando as actuacións antidopaxe entre os entes autonómico e estatal como pode ser a colaboración no desenvolvemento de controis ou campañas de sensibilización.

Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte abordará a modificación da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia para a súa adecuación ao código mundial antidopaxe na procura dunha mellor coordinación no exercicio das competencias da loita contra a dopaxe autonómicas e nacionais.

Tras o informe favorable da Asesoría Xurídica Xeral e unha vez que o Consello Consultivo de Galicia se pronuncie a favor da Comisión a idea é que a devandita Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe sexa unha realidade na tempada 2018/19.

AUGAS DE GALICIA DESTINARÁ CASE 400.000 EUROS, PROCEDENTES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA, AOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS LOCAIS

- ***O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais***
- ***A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios e resultando para cada concello algo máis de 130.000 euros***
- ***A presa, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña co fin de dar cumprimento á concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas.

Augas de Galicia destinará unha cantidade máxima de 392.535,78 euros para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2018 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios e resulta para cada concello máis de 130.000 euros.

Este convenio establece as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre as citadas administracións respecto das cantidades do canon pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, que se destina a estes concellos para o financiamento de obras ou accións de carácter educativo, cultural e social.

O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais.

Cómpre lembrar que Augas de Galicia promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia e procedeu a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do 1997. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases a que se suxeitaba a concesión do aproveitamento, no cal se prevía que Augas de Galicia destinaría unha cantidade anual para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e asistencia social para realizar nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, que se materializarían a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.

A presa de Caldas, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións.

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE FORCAREI NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA TRAVESÍA DE SOUTELO DE MONTES, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 600.000 EUROS

- ***A actuación persegue resolver as actuais carencias en materia de seguridade viaria e accesibilidade nesta travesía***
- ***Os traballos prevén a ampliación da beirarrúa ata o carril de circulación, mellorando a visibilidade nos cruzamentos, potenciando a sinalización e mellorando a iluminación na rúa***
- ***Ademais, prevese a actualización dos servizos urbanos como o saneamento ou a iluminación***
- ***A actuación compatibilizará o tránsito de vehículos desta estrada coa seguridade dos usuarios máis vulnerables no núcleo urbano, diferenciando os pasos de peón para adaptalos á normativa de accesibilidade e mellorar a súa percepción***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Vivenda subvencionará os gastos de execución das obras e corresponden ao concello a contratación e execución***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Forcarei para o financiamento e execución da mellora da accesibilidade e seguridade viaria na travesía de Soutelo de Montes, cun investimento de preto de 600.000 euros.

O Goberno galego cumpre co obxectivo estratéxico do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, para a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis segura, facilitando con este acordo que o concello pontevedrés acometa as melloras necesarias nesta estrada ao seu paso por Soutelo de Montes.

Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda subvencionará os gastos de execución das obras e dos contratos accesorios de redacción do proxecto para mellorar a seguridade viaria do municipio de Forcarei. Corresponden ao concello as actuacións para a súa correcta execución, que inclúen a contratación e execución das obras.

Esta actuación permitirá levar a cabo unha actuación que mellorará a compatibilidade do tránsito de vehículos desta estrada coa seguridade dos usuarios máis vulnerables no núcleo urbano, adaptando ás beirarrúas a unhas mellores condicións de accesibilidade, protexendo os pasos de peóns e mellorando a iluminación.

Na intervención substituirase a pavimentación, diferenciando os pasos de peóns para adaptalos á normativa de accesibilidade e para mellorar a súa percepción. Ampliarase a beirarrúa ata o carril de circulación, mellorando a visibilidade nos cruzamentos, potenciando a sinalización e mellorando a iluminación na rúa. Na obra que se vai a realizar inclúese a reposición das redes de servizo afectadas: pluviais, saneamento, abastecemento e iluminación, fundamentalmente.

O Concello de Forcarei ten redactado o proxecto para suprimir as deficientes condicións de seguridade e accesibilidade para peóns no seu viario, no que define as obras necesarias para reurbanización da travesía de Soutelo de Montes.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE INTERESE SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL GRAN MONTECELO DE PONTEVEDRA

- ***A nova infraestrutura sanitaria garantizará a prestación e a asistencia sanitaria a unha poboación de preto de 300.000 habitantes***

O Consello da Xunta acordou hoxe, por proposta do conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, dar luz verde ao acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o Proxecto sectorial de ampliación do Hospital Gran Montecelo de Pontevedra. Con este acordo, a Xunta dá un paso máis cara á materialización desta nova infraestrutura sanitaria na capital do Lérez, dando cumprimento aos prazos inicialmente previstos.

O proxecto de ampliación do Gran Montecelo conta cun investimento estimado de 140 millóns de euros. Aumentará un 50% máis a súa superficie, pasando de 79.500 a 118.000 metros cadrados.

Co Gran Montecelo, os pontevedreses disporán dun hospital público máis amplo, máis humano e con capacidade para atender as necesidades asistenciais dos vindeiros 50 anos. Este novo hospital contará con espazos máis acolledores en áreas máis sensibles, como a diálise, o hospital de día de oncoloxía, coidados paliativos ou a zona materno-infantil. Disporá de 120 camas máis e terá un 92% máis de salas e postos de urxencias.

Esta nova infraestrutura garantizará a prestación e a atención sanitaria a unha poboación de preto de 300.000 habitantes coa máis moderna tecnoloxía.

A XUNTA INCREMENTA NUN 48% AS AXUDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN PROL DA INCLUSIÓN

- ***A nova orde de subvencións para o período 2018-2020 medra ata chegar aos 15 millóns de euros***
- ***Será subvencionable o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social, proxectos de carácter innovador e actuacións que faciliten o acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión entre outros***
- ***Esta liña de axudas enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020***

A Consellería de Política Social deu conta da orde de subvencións plurianuais dirixida a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social. A convocatoria contará cun orzamento de 15 millóns de euros, cofinanciado parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, que servirá para realizar actuación nos vindeiros dous anos. Este é o sexto ano consecutivo en que se incrementa o orzamento da convocatoria, que supera nun 48% o importe da convocatoria 2017-2018 e que estaba fixado en 10,1 millóns de euros.

Esta orde regula varios tipos de axudas. En primeiro lugar, aquelas dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, as cales constitúen un primeiro nivel de atención que brinda ás persoas usuarias o acceso ao resto dos recursos dispoñibles. Para acadar este obxectivo, o importe consignado permite garantir que todos os centros de inclusión e emerxencia social recibirán subvención, sempre que conten con autorización oficial da Xunta.

No resto das tipoloxías de axudas, a subvención vai dirixida a proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios e á atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social ou para a poboación inmigrante. Inclúe, así mesmo, un programa de mediación intercultural, dirixido a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas, así como o financiamento de accións de asesoramento técnico en estranxeiría.

A orde incorpora, ademais, unha liña de actuación consistente en investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, tanto para construír ou mellorar centros como para adquirir inmobles, equipamento, moblaxe e vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, o que redonda nunha mellora da calidade da atención ás persoas usuarias dos centros.

A convocatoria é por cuarta vez plurianual e amplíase por primeira vez o prazo subvencionable das actuacións financiadas ata os dous anos, dando resposta ás

demandas das entidades, que, deste xeito, disporán dunha maior estabilidade na súa planificación e programación.

No plano económico, do orzamento total da orde, 15.022.823,88 euros, 3,4 millóns de euros corresponden ao ano 2018, 7,2 millóns de euros ao ano 2019 e 4,3 resérvanse para o ano 2020, tendo en conta que o prazo de vixencia das actuacións que se subvencionan abranguerá o período comprendido entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2020. Deste total, 5,1 millóns de euros destínanse ao funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social e á realización de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador; 6,3 millóns de euros serán para servizos de apoio á inclusión sociolaboral, servizo de formación adaptada e servizo de intervención comunitaria en territorios de exclusión; a atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante contará con 756.954,45 euros; e o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, 2,7 millóns de euros.

A convocatoria anterior chegou a 122 entidades beneficiadas e permitiu financiar 724 proxectos.

Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020

Esta orde enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, que dá especial importancia aos procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

A XUNTA E O MINISTERIO DE DEFENSA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA DISUADIR E REDUCIR A ACTIVIDADE INCENDIARIA EN GALICIA

- ***O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Exército e a Consellería do Medio Rural que permitirá a incorporación de 27 patrullas terrestres e dous equipamentos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais***
- ***Por medio deste acordo, que se asina todos os anos antes do inicio da tempada de alto risco de lumes, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas***

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 27 patrullas terrestres e dous equipamentos de mantemento móbil do Exército.

Mediante este acordo, que se asina todos os anos nestas datas, antes do inicio da tempada de alto risco de lumes, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos seus potenciais axentes causantes e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relmudas da unidade das Forzas Armadas ascende a un total de 569.404,93 euros, unha cantidade idéntica á dos últimos anos.

O Ministerio de Defensa, pola súa parte, levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 27– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. A incorporación de medios e persoal poderá ser superior se aumenta o esforzo por situacións de risco alto ou moi alto, chegando ás 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia se o nivel de risco é moi alto.

Este persoal do Exército sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e os bens e, en xeral, a protección e defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte a ameaza dos lumes.

A XUNTA AVANZA NO DESENVOLVEMENTO DO ECOBARRIO DE OURENSE COA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN CON ADIF E O CONCELLO

- ***A Administración autonómica encargarse de xestionar os fondos, así como de realizar as contratacións necesarias, mentres que o Concello ourensán se ocupará das licenzas e de fornecer os datos, recursos humanos e materiais precisos para acceder ás diferentes instalacións***
- ***O ADIF realizará os traballos e tramitacións relativas ás infraestruturas ferroviarias previstas***
- ***Trátase dun proxecto integral de referencia a nivel europeo que busca facer do barrio da Ponte un exemplo en eficiencia enerxética e calidade de vida coa actuación sobre edificios, transporte e servizo de iluminación***
- ***Recollido nas Directrices enerxéticas de Galicia, contará coa primeira rede de district heating de Europa, que utilizará enerxía xeotérmica para proporcionar calefacción e auga quente e abastecer os inmobles públicos e privados localizados na zona, e enerxía fotovoltaica asociada ao consumo eléctrico do sistema de district heating***
- ***Instalarase a Oficina do Ecobarrio para asesorar e informar a veciñanza das axudas e programas a que poden acollerse***

A Xunta continúa avanzando no desenvolvemento do primeiro Ecobarrio de Galicia, na cidade de Ourense, a través dun acordo de cooperación entre o Goberno galego –no cal participan as consellerías de Economía, Emprego e Industria; Facenda; Sanidade; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e máis o Instituto Enerxético de Galicia (Inega)–, o Concello ourensán e o ADIF.

O obxecto deste acordo é definir os compromisos que adquiren todas as partes para executar este proxecto integral de referencia a nivel europeo que pretende facer do barrio da Ponte, en Ourense, un exemplo en eficiencia enerxética e calidade de vida.

En concreto, e en virtude deste acordo, corresponderá á Xunta, a través das distintas consellerías e do Inega, todo o relativo á xestión dos fondos, así como realizar as contratacións e convenios necesarios; mentres que o Concello de Ourense se encargará das licenzas e de fornecer os datos, recursos humanos e materiais precisos para acceder ás instalacións necesarias para realizar as diferentes accións do proxecto. ADIF executará os traballos e tramitacións relativas ás infraestruturas ferroviarias recollidas na iniciativa.

O proxecto prevé actuar en edificios, transporte e servizos á cidadanía. Así, beneficiaranse 18 edificios privados –máis de 300 vivendas– renovando fachadas e cubertas; e instalando ascensores e fiestras que permitan a estas construcións gañar en eficiencia. Tamén se intervirá en 31 edificios públicos cunha renovación integral da envolvente térmica, así como coa renovación da iluminación interior a través de tecnoloxía LED e a implementación de sistemas de monitorización e xestión enerxética.

O proxecto contará, ademais, cunha rede de *district heating* –a primeira europea de xeotermia– que abastecerá de calefacción e auga quente aos edificios, a través de enerxía xeotérmica, e utilizará fotovoltaica para os consumos eléctricos asociados ao sistema. Tamén se substituirá a iluminación exterior do barrio da Ponte por tecnoloxía LED e realizaranse actuacións singulares de alumeado arquitectónica na zona da Chavasqueira.

En canto á mobilidade, substituirase o 66% do parque móbil do concello combinando vehículos de GNC (gas natural comprimido) e eléctricos. Tamén se desenvolverá un sistema de control e xestión intelixente *Smart City* e abrirase a oficina do Ecobarrio co obxectivo de facilitar información e asesoramento á veciñanza sobre as axudas e programas a que poden acceder en materia de eficiencia enerxética.

Prevese que esta actuación xere 300 postos de traballo e alcance unha redución do consumo enerxético, mellorando nun 20% a eficiencia e posibilitando a rebaixa das emisións de gases contaminantes nun 30%.

Esta media enmárcase nas Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, cuxas accións mobilizarán máis de 3000 millóns de euros no sector enerxético ata 2020. Os obxectivos principais son mellorar a calidade de vida da cidadanía e a competitividade do tecido empresarial galego a través dun crecemento económico sustentable, fomentando a loita contra o cambio climático e impulsando a economía verde.

GALICIA MOBILIZARÁ 8,4 M€ PARA MELLORAR OS PARQUES EMPRESARIAIS DE 64 CONCELLOS, DOS CALES 22 SON EMPREENDEDORES

- ***O Consello da Xunta avalía as resolucións correspondentes ás ordes de axudas para impulsar as infraestruturas dos polígonos, cun total de 76 iniciativas, e para a creación de tres viveiros industriais***
- ***A maior parte das obras terán como obxectivo a mellora viaria dos parques empresariais e a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia***
- ***A principal novidade deste ano nas dúas liñas é que os Concellos Emprendedores tiveron prioridade e, de feito, os tres viveiros instalaranse en municipios adheridos ao convenio firmado entre a Xunta e a Fegamp***
- ***As axudas apostan por fortalecer o tecido empresarial, mellorar as infraestruturas da Comunidade e fomentar o emprendemento industrial***

A Xunta favorecerá a mobilización de 8,4 millóns de euros en proxectos para mellorar os parques empresariais de 64 municipios de Galicia, dos cales 22 son Concellos Emprendedores. En concreto, a través de dúas liñas de axuda, o Goberno galego apoiará con 6,4 millóns de euros 76 actuacións para impulsar as infraestruturas dos polígonos e promoverá a creación de tres viveiros industriais.

Con respecto á orde de axudas destinada a parques empresariais, aprobáronse un total de 76 proxectos: a maioría para mellorar as infraestruturas viarias dos polígonos e para a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, aínda que tamén para plantas de depuración de auga, xestión de residuos ou instalacións contra incendios. Desenvolveranse en 62 concellos galegos –dos cales 20 son Concellos Emprendedores, é dicir, aqueles adheridos ao convenio entre Xunta e Fegamp para impulsar a captación de novos investimentos empresariais– cun investimento de 5,7 millóns de euros e unha mobilización de 7,45 millóns.

Entre as iniciativas que se van realizar, destacan o acondicionamento da vía do polígono agroforestal dos Aguillós en Vila de Cruces; a mellora de accesos ao parque empresarial Porto do Molle de Nigrán; ou a renovación do colector de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo (Oleiros).

Coa aprobación destes proxectos, esta orde terá permitido, desde 2009, realizar 502 proxectos en 149 parques industriais de 122 concellos galegos cun investimento de 35 millóns de euros.

No tocante á orde de viveiros, aprobáronse tres proxectos –todos de Concellos Emprendedores– cunha axuda de 701.040 euros que se espera que mobilicen 945.108 euros. Trátase dunha instalación no concello de Mos de 530 metros cadrados que albergará 4 talleres; unha en San Cristovo de Cea –que tamén recibe axudas na orde de polígonos empresariais– para un edificio de dous andares e preto de 500 metros cadrados con tres naves e catro despachos; e outra en Paradela para unha construción de preto de

1.500 metros cadrados. Trátase da terceira edición desta convocatoria que, con estes tres novos proxectos, favorecerá a creación de 9 viveiros que recibirán axudas da Xunta por un importe de preto de 1,6 millóns de euros.

Con estas novas axudas, nas cales este ano os Concellos Emprendedores tiveron preferencia, a Xunta segue mantendo o seu compromiso cos gobernos locais e o desenvolvemento das súas infraestruturas, co fortalecemento do tecido empresarial e industrial da Comunidade e co apoio ao emprendemento, liñas que encaixan coas medidas promovidas pola Lei de implantación empresarial para favorecer a captación de novos investimentos para Galicia.

A XUNTA PON EN MARCHA UN NOVO PROGRAMA DE AXUDAS ESPECÍFICO PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES DESEMPREGADAS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá nesta iniciativa máis de 1,5 M€, coa que prevé que preto de 200 mulleres atopen un traballo de calidade***
- ***O plan inclúe un bono de 7000 euros por cada desempregada que a compañía contrate e axudas á formación de 1000 euros por persoa para mellorar os coñecementos e habilidades relacionados co posto laboral***
- ***Os apoios aumentarán nun 25% se as beneficiarias son maiores de 45 anos, emigrantes retornadas ou se a empresa está emprazada no rural, polo que a contía máxima pode chegar ata os 13.250 euros por persoa***
- ***As mulleres son un colectivo prioritario nos programas de formación e mellora da empregabilidade da Xunta e contan cun 25% máis de axuda en todos os programas con que se incentiva a contratación***
- ***O Goberno galego ten en marcha Emprega en feminino, unha folla de ruta con que está impulsando o papel da muller no eido laboral, con 80.000 beneficiarias entre 2017 e o que vai de ano e cun investimento próximo aos 108 M€***
- ***No último ano, o desemprego feminino descendeu nun 8,98% e sete de cada dez mulleres ocupadas contan con contrato indefinido***

A Xunta activará nas próximas semanas un novo programa de axudas específico para a contratación indefinida de mulleres sen emprego. Investirá nesta iniciativa máis de 1,5 millóns de euros para que preto de 200 mulleres poidan atopar un traballo de calidade. Con esta actuación estímase apoiar a súa inserción laboral a través de 150 empresas.

Para iso, o plan da Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe dous tipos de axudas compatibles que suman 8000 euros: un bono de contratación de 7000 euros e un bono de formación de 1000 euros, que é opcional e está dirixido a mellorar os coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo para o cal a empresa leve a cabo a contratación.

No caso dos apoios á contratación, o bono de 7000 euros incrementarase nun 25% para as mulleres maiores de 45 anos, emigrantes retornadas ou no caso de que o centro de traballo estea emprazado no rural. Son supostos acumulables entre si, polo que a axuda máxima deste programa, tendo tamén en conta o bono formativo, pode chegar a 13.250 euros por muller contratada.

O obxectivo desta nova iniciativa é dar resposta ás dificultades que atopa o colectivo feminino na súa inserción e permanencia no mercado de traballo. Unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas, o prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro. Ademais, para loitar contra a desigualdade laboral, as mulleres contan con preferencia nos diferentes plans de formación e mellora da empregabilidade da Xunta, dispoñendo dun 25% máis de axuda nos incentivos á contratación.

Así mesmo, a Administración autonómica está a desenvolver o plan Emprega en feminino, no cal se enmarca este programa, e que constitúe a planificación do Goberno galego para impulsar o papel da muller no mercado de traballo. A través desta folia de ruta, están a poñer a disposición das mulleres galegas medidas activas de emprego que favorezan a súa inserción no mercado laboral; a súa representación equilibrada en todas as profesións e sectores de actividade, así como unha maior participación na taxa de actividade e de ocupación; e que contribúan a reducir o diferencial da taxa de desemprego entre homes e mulleres.

Con esta planificación acadouse o pasado ano beneficiar máis de 54.000 mulleres a través de programas de incentivos á contratación, formación, orientación e axudas para autónomas, vinculadas ao cooperativismo e á creación de pemes. En global, investíronse preto de 71 millóns de euros. Nos primeiros cinco meses deste ano, o número de beneficiarias alcanzou as preto de 26.000 a través de actuacións que contaron cun orzamento próximo aos 37 millóns de euros. Deste xeito, entre 2017 e o que vai de ano as beneficiarias destas políticas foron 80.000 mulleres, grazas a un investimento de preto de 108 millóns de euros.

Emprega en feminino busca a equiparación dentro da empresa apoiando a elaboración e implantación de plans de igualdade e fomentando a corresponsabilidade para garantir a conciliación; o desenvolvemento profesional das mulleres facilitando a súa incorporación a postos de dirección; o emprendemento e a súa incorporación ao mercado laboral equilibrando a súa participación.

De feito, apréciase unha evolución favorable e progresiva da participación da muller no mundo laboral, aínda que o Goberno galego traballa con todas estas actuacións para seguir mellorando as cifras de emprego da muller. No último ano, o paro descendeu neste colectivo nun 8,98%, o que supón 10.021 mulleres menos en situación de desemprego. Ademais, a taxa de emprego situouse a peche de 2017 nun 70% entre as mulleres de entre 25 e 54 anos. Así mesmo, tamén sete de cada dez mulleres ocupadas –en concreto, o 70,8%– contan cun contrato indefinido e un 44,2% das emprendedoras teñen o seu negocio consolidado –3,6 puntos por enriba da media estatal–.

A XUNTA DESTINA EN DOUS ANOS PRETO DE 8,5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA REDE DE PUNTOS DE AUGA E CORTALUMES PARA A DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- ***O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o acondicionamento das infraestruturas de prevención de lumes nos 19 distritos forestais***
- ***Galicia conta a día de hoxe con 5.481 depósitos de auga operativos, dos cales 754 son aptos para os medios aéreos, e máis de 10.500 hectáreas de cortalumes***

O Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o acondicionamento das infraestruturas de prevención de incendios forestais que están localizadas nos 19 distritos forestais. Así, entre o pasado ano e o presente destináronse preto de 8,5 millóns de euros para a creación de novos puntos de auga e a mellora de pistas e cortalumes.

As redes de defensa contra os incendios forestais son claves para minimizar os danos ocasionados por esta lacra e resultan imprescindibles para garantir tamén a seguridade do persoal que traballa na extinción dos lumes. Para iso, a Consellería do Medio Rural leva a cabo unha planificación anual para reforzar e acondicionar a rede viaria forestal (pistas forestais, cortalumes...), a de puntos de auga e outras infraestruturas de apoio á extinción de incendios.

No tocante aos puntos de auga, o pasado ano a Xunta construíu 58 novos depósitos por un importe de 1,5 millóns de euros. Grazas a isto, Galicia conta a día de hoxe con 5.481 puntos de auga operativos, dos cales 754 son aptos para os medios aéreos (helicópteros). Falamos de depósitos de auga cunha capacidade que oscila entre os 30 e os 492 metros cúbicos. Ademais, para este ano, está prevista a construción doutros 49 puntos por un importe de algo máis de 700.000 euros. En total, a Consellería do Medio Rural investirá en dous anos 2,3 millóns de euros para a construción destas infraestruturas.

Cortalumes

Pero tamén resulta fundamental acondicionar a rede de pistas forestais e de cortalumes, para que, no caso de producirse un incendio, se poida frear o avance do lume e permita un rápido acceso ás zonas afectadas. Arestora, Galicia conta con aproximadamente unhas 10.500 hectáreas de cortalumes en todo o territorio, pero é preciso repasalos co fin de eliminar a capa vexetal que poidan ter e deixar ao descuberto o solo mineral, co obxecto de frear o avance dos incendios, no caso de producirse.

Durante o pasado ano 2017 aprobouse un investimento de 3,4 millóns de euros para actuar sobre máis de 600 quilómetros de pistas e 3.600 hectáreas de cortalumes. Neste ano 2018, o orzamento é de 2,7 millóns de euros para unha mellora de case 500 quilómetros de pistas e máis de 1.600 hectáreas de cortalumes. Falamos dunha grande extensión de

territorio que é preciso manter limpo de biomasa, para unha maior defensa da nosa riqueza forestal e seguridade dos traballadores que loitan contra os incendios forestais.

A CONSELLERÍA DO MAR INVESTIRÁ MÁIS DE 850.000 EUROS ESTE ANO EN MELLORAS DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E SEGURIDADE DE 25 CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2018 das axudas para proxectos que recollen a modernización de infraestruturas nos portos, lugares de desembarque e lonxas***
- ***A través delas, subvencionarase a compra de guindastres eléctricos, carretillas elevadoras eléctricas, transpalés eléctricos manuais e empilladores***

A Consellería do Mar investirá máis de 850.000 euros este ano na subvención de equipamentos para a modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e das lonxas coa finalidade de mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais que desenvolven a súa actividade nestes espazos. Así o sinala o informe sobre a resolución da convocatoria de 2018 destas achegas, analizado hoxe no Consello da Xunta.

Así, a Xunta colaborará no financiamento da adquisición de equipamentos destinados á mellora da operatividade dos portos pesqueiros relacionados coa descarga de pesca e cos movementos de cargas dentro do porto. Concretamente, financiaranse dous guindastres eléctricos, 23 carretillas elevadoras eléctricas, catro transpalés eléctricos e 34 manuais e seis empilladores eléctricos. O equipamento será para 25 confrarías de pescadores de Galicia, 13 delas da provincia da Coruña, dúas da de Lugo e 10 da de Pontevedra.

As axudas enmárcanse no Programa de equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia, que inclúe aquelas intervencións precisas para dotar ou mellorar as instalacións que prestan servizos ás embarcacións, mariñeiros/as e mariscadores/as. Convócanse atendendo ás demandas e necesidades do propio sector e tendo en conta que os portos e lonxas deben permitir a realización das operacións de pesca e primeira venda dos produtos con criterios de seguridade.

Cabe lembrar que desde 2009 a Consellería do Mar investiu 21,5 millóns de euros na mellora das condicións de traballo dos profesionais do mar de Galicia. Foi con cargo ao antigo Fondo Europeo de Pesca e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca .